

CALENDARIO DE RUTINAS PARA EDUCACIÓN INFANTIL

INTRODUCCIÓN

As rutinas en educación infantil supoñen unha importante e axeitada forma de organizar as clases e a estruturación temporal da xornada dos máis pequenos.

O presente recurso é unha proposta de organización das primeiras actividades do día: comprobar que compañeiros viñeron a clase, que día da semana é, en que estación estamos, que tempo fai hoxe,...

Estas rutinas son normalmente traballadas con recortes de revistas ou debuxos en cartulinas deseñados polo profesorado. Este non é máis que un salto á dixitalización dese material tratando de facelo non só máis motivador, interactivo e vistoso, senón tamén máis achegado ás características da realidade que ás veces o papel non pode ofrecer.

TÍTULO DO RECURSO

“Calendario de rutinas para Educación Infantil”.

OBXECTIVOS

- 1.- Integrar a Pizarra Dixital nas rutinas diarias do alumnado de Educación Infantil.
- 2.- Identificar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do entorno (as estacións, os cambios atmosféricos, climáticos, etc.).
- 3.- Aprender a situarse no tempo a través da data (os días da semana, meses do ano), así como a organizar unha secuencia temporal das tarefas do día (horario).

CONTIDOS

- As estacións, os cambios climáticos e a súa influencia nos elementos do entorno.
- O saúdo: desenvolvemento dos hábitos e convencións sociais.
- A data: os días da semana, os meses do ano,...
- Conmemoración grupal e social dos aniversarios dos compañeiros/as.
- Organización temporal da xornada: o horario.

NIVEL AO QUE VAI DIRIXIDA A PROPOSTA

O material pode ser empregado en calquera dos tres niveis de Educación Infantil e incluso 1º de Educación Primaria ou con alumnado con NEE.

ÁREA

As tres áreas da etapa de Educación Infantil (Identidade e autonomía persoal, Medio físico ou social e Comunicación e representación) se traballan neste material seguindo o criterio de globalidade:

Medio físico ou social: O saúdo ao chegar á clase; os cambios na paisaxe vexetal ao longo do ano segundo a estación; o cumpreanos;... son contidos propios desta área.

Identidade e autonomía persoal: A propia manipulación do material na PDI colabora a que os nenos/as progresen no desenvolvemento da motricidade fina e a coordinación visomanual. Por outra banda, a última páxina, adicada ao autocontrol no traballo do alumnado, contribúe ao desenvolvemento da súa autonomía.

Comunicación e representación: A interpretación de imaxes (por exemplo no horario da xornada escolar); a comprensión da existencia de diferentes linguas en función da cultura ou o país procedente;....

PROPOSTA METODOLÓXICA / GUÍA DE USO


Podemos dividir o material nas seguintes páxinas do Notebook que a continuación se detallan:

PÁXINA 1: SAÚDO, ESTACIÓN E METEOROLOXÍA

Obxectivo: Traballar os aspectos meteorolóxicos (que tempo fai), pasar lista dos alumnos/as e situarse na estación do ano actual.

Tipo de aplicación: Flash

Descrición: Ofrecemos unha descrición detallada e unha guía de uso na taboa seguinte:


CAPTURA DE ESCENAS	DESCRICIÓN
	<p>ACTUAL ESTACIÓN DO ANO</p> <p>O alumno/a debe premer sobre a estación actual, acción cal dará acceso á escena seguinte, contendo a paisaxe característica da estación elexida.</p>
	<p>PASAR LISTA</p> <p>As ventás da escola son para cada unha das fotos dos nenos da clase. Se algún compañeiro/a non está, retírase a foto e péchase a súa fiestra premendo nela.</p> <p>Outra posibilidade (máis cómoda) é a incorporación no flash das fotos dos alumnos/as.</p>
	<p>METEOROLOXÍA DO DÍA:</p> <p>Os nenos deben premer na simboloxía da barra inferior segundo corresponda co tempo que fai.</p> <p>Ademáis dos botóns interactivos inferiores (sol, sol con nube, nubes, chuvia e neve), os muíños de vento tamén son interactivos, podendo facelos mover cando fai vento.</p>

PÁXINA 2: A DATA DE HOXE

Obxectivos: Aprender a situarse no tempo a través da data (os días da semana, meses do ano).

Tipo de aplicación: Flash

Descrición: Ofrecemos unha descrición detallada e unha guía de uso na taboa seguinte:


CAPTURA DE PANTALLA	DESCRICIÓN
	<p>HOXE É...</p> <p>Páxina adicada á data do día. A aplicación flash facilita esta labor a os máis pequenos. Existe a posibilidade de que o encargado de poñer a data a copie na pauta de abaixo cos rotuladores da PDI.</p>

PÁXINA 3: HOXE CUMPREN ANOS...

Tipo de aplicación: Flash, imaxes e asociación de sons ás imaxes.

Obxectivos: Adicar uns minutos de protagonismo ao compañeiro/a que cumpre anos ese día.

Descrición: Ofrecemos unha descrición detallada e unha guía de uso na taboa seguinte:


CAPTURA DE PANTALLA	DESCRICIÓN
	<p>HOXE CUMPREN ANOS...</p> <p>Páxina adicada aos aniversarios do alumnado. Nela poñerá a fotografía e o nome do neno/a festexado o cal poderá premer un dos bonecos para que lle cante a canción na lingua correspondente. Inclúese a versión en castelán, inglés, italiano, árabe e unha versión con ritmos brasileiros.</p> <p>A aplicación flash que serve de fondo posue dúas zonas interactivas:</p> <ul style="list-style-type: none">- Unha tarta, premendo na cal podemos poñer o número de velas correspondente.- Un pequeno globo na parte inferior esquerda, premendo no cal aparecen globos de cumpreanos.

PÁXINA 4: O NOSO HORARIO

Tipo de aplicación: Imaxes para arrastrar e colocar.

Obxectivos: Organizar o horario da xornada.

Descrición: Ofrecemos unha descrición detallada e unha guía de uso na taboa seguinte:




CAPTURA DE PANTALLA	DESCRIPCIÓN
	<p>ORGANIZACIÓN DO DÍA</p> <p>Entre todos, ao comenzo do día, organizaremos as tarefas que se realizarán durante a xornada, así como a súa secuencia.</p> <p>Existe a posibilidade de indicar ca flecha a actividade que se está realizando nese momento.</p>

PÁXINA 5: COMO TRABALLEI HOXE?

Tipo de aplicación: Imaxes ca opción “clonador infinito” para arrastrar e situar.

Obxectivos: Ofrecer ao alumnado unha forma de autoregular e avaliar o seu traballo.

Descrición: Ofrecemos unha descrición detallada e unha guía de uso na taboa seguinte:

CAPTURA DE PANTALLA	DESCRIPCIÓN
	<p>AVALIACIÓN DO DÍA</p> <p>Taboa de dobre entrada na que poñeremos as fotos e/ou nome dos nosos alumnos e as tarefas que nos interesan que os nenos avalien.</p> <p>Esta páxina pode ser usada de dúas formas:</p> <p>1ª) Cada vez que un neno/ realiza algunha das tarefas enriba expresadas, marca co símbolo correspondente a realización dese traballo (realización/non realización).</p> <div style="text-align: center;">  </div> <p>2ª) Cada alumno/a, tras realizar unha tarefa determinada, marcará co símbolo correspondente o grado de consecución dos obxectivos desa tarefa.</p> <div style="text-align: center;">  </div>

VALORACIÓN FINAL

Debido á recente finalización do mesmo, este material todavía non foi empregado de forma sistemática cun grupo de alumnos, motivo polo cal aínda non podemos establecer ningún tipo de información respecto a resultados obtidos ou problemáticas atopadas. Non obstante trala comprobación persoal do seu funcionamento detectamos algún pequenos detalles a ter en conta no momento da aplicación cos nenos/as:

- A aplicación flash que sirven como fondo ocasionan que non se poida interactuar coas imaxes que están por riba. A solución a isto está en premer nun lugar calquera do escenario fora do flash. Isto habería que explicarllo ao alumnado no momento da presentación do recurso.
- Na páxina 1 adicada aos aspectos meteorolóxicos e á lista de clase, cando as fotografías dos nenos están colocadas sobre as ventás da escola e volvemos á escena das estacións, as fotos quedan sobre o escenario. A solución está en engadir na presentación flash as fotos dos nenos nas propias ventanas.

Presentamos ademais unha serie de anotacións que pensamos poden mellorar e completar o material.

- Pódese engadir algún dos numerosos materiais sobre vestimenta que existen na rede, co fin de establecer a relación entre os aspectos meteorolóxicos e a roupa que debemos poñer.
- Outra posibilidade é a inclusión das normas de clase determinadas polo grupo-clase.

NOTA

As imaxes utilizadas neste material foron extraídas da revista “Maestra de Infantil” da Editorial Ediba. Algunhas delas están retocadas cun editor de imaxes.

DATOS PERSOAIS

Mar Vaamonde García

DNI: 32.840.596-T

Mestra especialista en Educación Física no CRA Ponte da Pedra.

DATOS DO CENTRO

CRA Ponte da Pedra

c/ Vázquez de Parga 119, bloque 2, 1º Dcha

15100 Carballo

Tfno: 981 703 403

DATOS DO RECURSO

“Calendario de rutinas para Educación Infantil”